



INFORME DE PERFIL DO PEREGRINO

OBSERVATORIO DO CAMIÑO DE SANTIAGO
Informe anual 2008



ÍNDICE

2 1. O Observatorio do Camiño

3 2. Metodoloxía de traballo

3. Informe

5 3.1. Perfil sociodemográfico dos peregrinos

3.2. A realización do Camiño

- a. Preparación da viaxe
- b. A peregrinación a Santiago
- c. Chegada á meta: Santiago de Compostela

3.3. Valoración da satisfacción

46 4. Conclusións

48 Anexo. Cadro resumo: perfil do peregrino

1. O OBSERVATORIO DO CAMIÑO

Debido ao interese por coñecer a realidade das distintas rutas xacobeas que levan a Santiago, o Observatorio do Camiño en base ao seu obxectivo xeral e coa premisa básica de dar continuidade ao labor que se está a desenvolver desde setembro de 2006, continúa coa liña de traballo de análise do perfil do peregrino que chega a Compostela.

O estudo que se mostra nas páxinas que seguen, analiza o perfil cualitativo dos peregrinos que chegaron a Santiago de Compostela entre os meses de xaneiro e decembro de 2008.

A análise do perfil e comportamento dos peregrinos vai permitir establecer series temporais das principais variables de caracterización: perfil sociodemográfico, preparación da viaxe, peregrinación a Santiago, chegada a Compostela e valoración da satisfacción. Isto fará posible realizar futuras análises comparativas dos cambios que se produzan, así como as causas dos mesmos e mecanismos de actuación para mellorar o produto 'Camiño de Santiago'.

2. METODOLOXÍA DE TRABALLO

A liña de traballo do Observatorio –baseada na recollida de datos a través da “Enquisa a Peregrinos”- pretende coñecer e avaliar as características dos peregrinos que chegaron a Santiago polas distintas rutas xacobeas en 2008. Esta enquisa é a base da metodoloxía e os datos técnicos recóllense na seguinte táboa:

TÁBOA 1: Ficha técnica da enquisa

Universo	Peregrinos chegados a Compostela
Ámbito xeográfico	Santiago de Compostela
Datas de realización	De xaneiro a decembro de 2008
Tamaño da poboación	Infinito
Tamaño da mostra	Mostra deseñada: 3.000 enquisas Mostra realizada: 2.528 enquisas
Procedemento da mostra	Dividido o tamaño por meses
Traballo de campo	Toma de datos realizado en dous puntos: Oficina de Peregrinos e Monte do Gozo
Erro mostral	Para un nivel de confianza de 95,5% e un erro estimado do 3,5%

O traballo de campo desenvolveuse no Monte do Gozo e na Oficina de Peregrinos, tal e como se mostra a continuación.

TÁBOA 2: Lugar de realización

	Nº	(%)
Monte do Gozo	567	22,4
Oficina do Peregrino	1961	77,6
TOTAL	2.528	100

A mostra está condicionada polo número de enquisas que se deben facer cada mes, as cales se estiman en función dos peregrinos chegados nos mesmos meses do ano anterior á Oficina de Peregrinos.

O volume previsto de cuestionarios a realizar foi de 3.000, pero tan só se puideron levar a cabo un total de 2.528. Neste punto é importante salientar que a mediados de ano –en concreto a partir do mes de xullo- decidiuse intensificar o traballo de campo para obter resultados trimestrais, o que obrigou a incrementar o número de enquisas, de aí as diferenzas observadas na táboa entre as realizadas e as previstas.

TÁBOA 3: Distribución da mostra

Enquisas	Nº Previstas	Nº Realizadas	Of. Peregrino	Monte do Gozo	% Previsto	% Realizado
Xaneiro	9	10	10	0	0,30	0,39
Febreiro	18	13	13	0	0,60	0,51
Marzo	44	22	10	12	1,47	0,87
Abril	213	57	47	10	7,10	2,25
Maio	339	104	88	16	11,30	4,11
Xuño	399	106	55	51	13,30	4,19
Xullo	529	524	409	115	17,63	20,73
Agosto	714	696	513	183	23,80	27,53
Setembro	400	398	299	99	13,33	15,74
Outubro	248	414	337	77	8,27	16,38
Novembro	66	146	142	4	2,20	5,77
Decembro	21	38	38	0	0,70	1,50
TOTAL:	3.000	2.528	1.961	567		

3. INFORME

3.1 PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO DOS PEREGRINOS

Centrándonos xa na análise dos resultados, comezaremos por valorar aquelas variables que lles confiren unha certa homoxeneidade ao conxunto, é dicir, aquelas que definen o perfil sociodemográfico: procedencia, sexo, idade, nivel cultural, nivel profesional e nivel económico que fixeron o Camiño de Santiago por algunha das oito vías de peregrinación.

Procedencia




GRÁFICO 1: Procedencia do peregrino

Algo máis da metade dos peregrinos que chegaron a Compostela ao longo do 2008 son estranxeiros (55,0%) e o 45,0% restante son

españóis. Se desagregamos a análise vemos que os países dos que proceden os estranxeiros son sobre todo Alemaña (21,5%), Italia (14,5%), Francia (13,1%), Canadá (5,5%) e Estados Unidos (5,5%).




GRÁFICO 2: Países con maior afluencia de peregrinos

TÁBOA 4: Peregrinos estranxeiros por países

País	Porcentaxe
Alemaña	21,5
Italia	14,5
Francia	13,1
Canadá	5,5
Estados Unidos	5,5
Irlanda	3,1
Brasil	2,9
Resto	33,9

Polo que respecta aos españois, as Comunidades Autónomas que aportaron unha maior porcentaxe de peregrinos son a Comunidade de Madrid (19,3%), Comunidade Valenciana (16,7%), Cataluña (15,3%), Andalucía (10,4%) e País Vasco (10,2%).




GRÁFICO 3: Comunidades Autónomas con maior afluencia de peregrinos

Na táboa que segue a continuación amósanse as porcentaxes de visitantes procedentes de cada unha das Comunidades Autónomas.

TÁBOA 5: Peregrinos por Comunidade Autónoma de Residencia

CC.AA.	Porcentaxe
Madrid	19,3
Valencia	16,7
Cataluña	15,3
Andalucía	10,4
País Vasco	10,2
Castela e León	6,9
Castela A Mancha	3,1
Murcia	3,1
Resto España	15,0

Idade

A idade media dos peregrinos é de 41 anos. O grupo máis numeroso está formado por persoas entre 50 e 65 anos – maioritariamente peregrinos prexubilados- que representan o 29,6%. No outro extremo da balanza atopamos o colectivo dos maiores de 65 anos que supoñen tan só o 4,3% da mostra.

TÁBOA 6: Idade

Intervalo de idade	Porcentaxe
< 20 anos	6,8
20-29 anos	21,8
30-39 anos	19,4
40-49 anos	18,1
50-65 anos	29,6
> 65 anos	4,3

Sexo

En relación ao sexo, máis da metade da mostra son homes -en concreto o 58,2%- e o 41,8% restante son mulleres.




GRÁFICO 4: Sexo

A porcentaxe de homes supera ao de mulleres en todos os grupos de idade, sobre todo entre os maiores de 65 anos onde a diferenza entre sexos é moito maior. En cambio, esta diferenza é menor entre os mozos de menos de 30 anos, tal e como queda reflectido no seguinte gráfico.




GRÁFICO 5: Sexo e grupos de idade

Nivel de formación e situación socioprofesional

En canto ao nivel cultural e profesional, máis da metade dos peregrinos obxecto deste estudo –en concreto o 57,4%- teñen estudos universitarios e o 58,5% traballa.




GRÁFICO 6: Nivel cultural




GRÁFICO 7: Situación profesional

Os traballadores por conta allea (40,9%) e os funcionarios do sector público (29,5%) son os grupos máis numerosos dos profesionais que están en activo.

Nivel de renda

No tocante aos ingresos, cómpre ter en conta que tan só se tiveron en conta os traballadores en activo, non contabilizando neste apartado estudantes, amas de casa, parados, nin xubilados. A maioría dos traballadores que responderon –é dicir, o 69,0%- distribúense entre os que afirman percibir un salario entre 1.300 e 2.000 euros mensuais e aqueles que cobran máis de 2.000.




GRÁFICO 8: Nivel de renda

3.2 A REALIZACIÓN DO CAMIÑO

a) Preparación da viaxe

Motivo principal da viaxe

A cuestión que fai referencia á motivación para peregrinar a Santiago de Compostela é de resposta múltiple, debido a que na maior parte dos casos son varias as causas que animan aos peregrinos a facer o Camiño.

A este respecto, os aspectos espirituais (53,1%) e os relixiosos (38,3%) son os que están presentes dun xeito máis significativo. Ambos factores están moi relacionados, en determinados casos ao falar dos primeiros, agrúpanos referíndose aos dous, ao entender os motivos espirituais cunha finalidade relixiosa e espiritual.

O atractivo do patrimonio, tanto histórico-artístico (25%) como natural (33,7%), son as seguintes opcións máis sinaladas que aducen os peregrinos á hora de decantarse a facer o Camiño de Santiago.

A diversión (14,8%), a cultura popular (15,7%) e o deporte (19,8%) son elementos con escaso peso e que motivan en menor porcentaxe ás persoas que se achegaron a Compostela por algunha das vías de peregrinaxe.




GRÁFICO 9: Motivo principal da viaxe

Unha vez máis, seguindo a distinción feita entre o Camiño francés e o resto das vías de peregrinación, observamos que non existen grandes diferenzas nos argumentos para emprender esta viaxe. Con todo, chama a atención que fundamenten nunha maior porcentaxe o patrimonio natural e o histórico-artístico, as causas que alegan as persoas que chegan a Santiago por algún dos outros itinerarios que non sexa o francés.




GRÁFICO 10: Motivacións atendendo aos Camiños

Coñecemento do Camiño de Santiago

As principais alternativas utilizadas polos visitantes para coñecer o Camiño de Santiago, previamente á realización da viaxe, son dúas fundamentalmente. Por unha banda, a recomendación de familiares e amigos que xa o viviron en primeira persoa (59,6%) e por outra, a experiencia propia (23,8%), reflectida ben na realización de viaxes anteriores ou ben porque coñecen o Camiño 'de toda a vida'.

Séguenlle en menor porcentaxe, internet (14,9%) e a alternativa que fai referencia a outras causas (18,1%), na que é necesario facer mención dos peregrinos aos que o Camiño pasa polo seu lugar de residencia habitual e do libro, unha vez máis, de Paulo Coelho 'O peregrino a Compostela: diario dun mago'.

As restantes opcións teñen un peso específico inferior ou case nulo. Hai que sinalar neste punto o menor uso que se fai dos folletos turísticos (4,4%), anuncios publicitarios (4,6%), feiras e exposicións (1,1%) e axencias de viaxe (0,6%).




GRÁFICO 11: Medios de coñecemento do Camiño de Santiago

Medios de información consultados

Esta información complementábase cos medios publicitarios consultados para a organización e realización da viaxe. A este respecto, a internet (72,8%) e as guías especializadas (45,7%) superan en moito ao resto. Hai que indicar que ambas opcións pódense seguir consultando ao longo de todo o percorrido.

As feiras e exposicións e os anuncios publicitarios non son medios moi significativos tal e como reflicten as porcentaxes acadadas, 2,3% e 2,5% respectivamente.

Ao redor do 10% dos peregrinos buscan información antes de emprender a viaxe en reportaxes temáticas (11,8%), folletos turísticos (12,3%) e outros medios publicitarios (10,6%).




GRÁFICO 12: Medios publicitarios consultados

Organización da viaxe

Case o 90% organizou a viaxe 'pola súa conta'. A maior parte cos seus propios medios (68,4%) e un 21,3% a través da internet, para cursar servizos sobre todo de transporte e aloxamento.

En contraposición ao anterior, a porcentaxe restante utilizou os servizos dalgún intermediario. En particular e en torno ao 5% dispón para a organización da viaxe de asociacións ou clubs (4,0%), así como o apartado que fai referencia a outros (5,2%) no que normalmente é unha persoa a que se encarga de facer todas as xestións para un determinado grupo. En ambos casos corresponde a aqueles que basicamente veñen en viaxes organizadas por unha asociación, empresa, institución...

As axencias de viaxe son a opción menos utilizada para xestionar cuestións relativas á organización do Camiño de Santiago, ao facelo unicamente o 1,2% das persoas que se achegan a Compostela como peregrino.




GRÁFICO 13: Organización da viaxe

Preparación da ruta a Santiago

Con respecto á pregunta que fai referencia aos preparativos anteriores a iniciar o percorrido cara a Compostela, o 66,2% dos peregrinos enquisados contestou afirmativamente. A cuestión fai referencia á realización dalgunha actividade relacionada coa preparación física, espiritual, equipo ou documentación,

A maioría preparouse facendo exercicio físico (70,8%), recollendo información (51%) e seleccionando o equipo (50%). No aspecto espiritual só se centrou un 30,2%. O 33,8% rexeitou facer preparativos antes de comezar a viaxe.




GRÁFICO 14: Preparación antes de iniciar a viaxe

b) A peregrinación a Santiago

Camiños a Santiago

A variada orixe de peregrinos fai que se definan oito rutas xacobeas en Galicia. O Camiño Francés é o itinerario con maior tradición e relevancia, tanto socio-económica como artística e cultural. Con todo, cada vez máis se nota o incremento de viaxeiros no resto: Camiño Primitivo, Camiño Norte, Camiño Inglés, Camiño Portugués, Camiño da Vía da Prata, Ruta do Mar de Arousa e Camiño de Fisterra-Muxía.

Centrándonos nos datos que se derivan da enquisa realizada durante o ano 2008, tal e como cabía esperar e pola súa repercusión, o Camiño Francés segue a ser, con moita diferenza, o itinerario máis utilizado polos peregrinos para chegar a Compostela (85,0%).

Os camiños Norte e Primitivo son os seguintes máis frecuentados, cunha porcentaxe de 5,8% e 4,5% respectivamente.

Os restantes camiños teñen un peso significativamente inferior (Vía da Prata, Portugués e Inglés). Non se atopou ningún peregrino que viñese a Santiago a través do Camiño do Mar de Arousa e Río Ulla.

A continuación amósase un cadro que reflicte ás vías de peregrinación elixidas.




GRÁFICO 15: Camiño percorrido

A singularidade da ruta Fisterra-Muxía que, ao contrario das demais, comeza en Compostela na praza do Obradoiro e diríxese a estas dúas vilas da Costa da Morte, fai que non se reflicta neste apartado e que se trate máis adiante de xeito individual.

A diferenza nas porcentaxes de peregrinos entre os distintos camiños, á hora de subliñar as razóns que motivaron a súa elección, lévanos a distinguir entre o francés e o resto.

Así, segundo os datos obtidos na enquisa, as persoas que optan por facer o Camiño Francés, afirman que é debido a que 'é o máis tradicional' ou por 'facelo con amigos ou compañeiros'. Con todo, os que elixen algún dos outros din que é sobre todo 'pola paisaxe' e 'outras razóns persoais'.




GRÁFICO 16: Razóns da elección

Frecuencia de realización do Camiño

A frecuencia na realización do Camiño de Santiago neste ano 2008, é dicir, en que medida o visitante realiza a viaxe por primeira vez ou se, polo contrario repite, pon de manifesto que para o 78,1% dos peregrinos, esta era a primeira ocasión. A porcentaxe dos que repetían experiencia (21,9%), atópase dividida entre os que volven unha vez máis (7,4%), os que o fan entre dúas e cinco veces (12,3%) e aqueles que percorreron algunha das rutas en máis de cinco ocasións (2,2%).




GRÁFICO 17: En cantas ocasións fixo o Camiño

Así, do total que repite, o 21,9% viñera nunha ocasión con anterioridade, mentres que a porcentaxe restante xa percorrera o Camiño, como mínimo, dúas veces. Cabe destacar que ao redor dun 10% xa o fixeran en máis de cinco ocasións anteriormente.

Da porcentaxe de camiñantes que se dirixiron a Compostela por vez primeira, a gran maioría (69,1%) fíxoo polo Camiño Francés e a porcentaxe restante (9%) polo conxunto dos outros camiños.

En canto aos que chegan polo itinerario francés, o 81,4% é a primeira vez que van a Santiago peregrinando e o 18,6%, xa o fixera en máis dunha ocasión.

Polo que respecta ás outras cinco vías (Norte, Primitivo, Inglés, Portugués e Vía da Prata), o 59,7% utiliza algunha para facer o Camiño de Santiago por vez primeira. O outro 40,3% xa o fixera nalgunha outra ocasión.




GRÁFICO 18: Repetición da viaxe por Camiños

Lugar de inicio do Camiño

A pesar de que as opcións escollidas para iniciar esta andaina son moi variadas, podemos diferenciar entre os que o fan en terras galegas e os que elixen algún punto fóra das nosas fronteiras. Deste xeito en Galicia faino o 22,7% e fóra o 77,3%.




GRÁFICO 19: Localidade galega

Saint Jean Pied de Port e Sarria seguen a ser as localidades nas que deciden comezar a viaxe máis peregrinos. O primeiro caso (19,4%) é considerada como a etapa un do Camiño Francés e o segundo (13,1%), a distancia mínima esixida para obter a Compostela -100 quilómetros-. Outros lugares destacados son Roncesvalles (9,1%) e León (7,4%). Como cabía esperar todos se atopan ao longo da ruta francesa.

Medio de transporte a Galicia

Os medios de transporte utilizados para chegar ata Galicia por este 22,7% son maioritariamente o autobús de liña regular (27,7%) e o tren (27,1%). Ao redor do 20% recorren ao vehículo propio (20,5%) e ao avión (22,2%). O autobús contratado e o automóbil de aluguer/taxi son as alternativas menos empregadas, cun 11,8% e un 3,5% respectivamente.




GRÁFICO 20: Medio de transporte para vir ata Galicia

O 85,7% servíuse dun único medio de transporte mentres que o 14,3% optou pola combinación cando menos de dous, normalmente o tren ou o avión có autobús de liña regular.

Modo de percorrer o Camiño

O 90,8% das persoas que peregrinaron ata Compostela neste ano 2008, fixérono a pé. O 9% en bicicleta e unicamente o 0,1% dacabalo.




GRÁFICO 21: Modo de percorrer o Camiño

Distancia media percorrida

Ao facer referencia á distancia media que percorren os peregrinos por día é necesario aludir ao modo de transporte có que fixeron o camiño, isto é, distinguindo entre os que chegaron a pé, aqueles que empregaron a bicicleta ou os que o fixeron dacabalo. Deste

xeito os quilómetros percorridos son 25,5km, 74,1km e 45km, respectivamente.

TÁBOA 7: Distancia media percorrida por día

A PÉ	EN BICICLETA	A CABALO
25,5km	74,1km	45km

Compañía da viaxe

En relación á compañía para facer a viaxe, o 33,2% decantáronse por emprender este periplo sos. O outro 67,8% preferiu facer o traxecto en compañía. Destacan maiormente os que elixiron aos amigos (33,6%).

No extremo oposto atopamos aos que decidiron facer o Camiño en grupo organizado (5,5%) ou con compañeiros de traballo (1,3%), que son os grupos máis numerosos.

O resto dos peregrinos prefiren a parella (15,1%) e a familia (11%) á hora de peregrinar a Santiago.




GRÁFICO 22: Compañía da viaxe

Tipo de aloxamento en Galicia

Na súa viaxe ata Santiago de Compostela os peregrinos elixiron distintos tipos de aloxamento para pasar as noites en terras galegas. Con todo, a opción dos albergues públicos é a máis demandada segundo o 84,7% dos enquisados. Séguenlle en importancia as pensións e albergues privados (38,0%), os hotéis (11,1%) e as casas de turismo rural (3,3%). Os campings e as casas de familiares ou amigos son as alternativas menos solicitadas, tal e como se reflicte no seguinte gráfico.




GRÁFICO 23: Aloxamento

Outro xeito de analizar o aloxamento é distinguindo entre aqueles que escollen unicamente os albergues públicos á hora de durmirm en Galicia, os que prefiren utilizar outro local distinto –ben sexa establecementos hoteleiros (hotel, pensión, albergue privado, casa rural), casa familiares ou camping- e os que deciden combinar as opcións anteriores.




GRÁFICO 24: Aloxamento

En función da procedencia dos peregrinos, os que dormen en albergues públicos son maioritariamente estranxeiros, mentres que aqueles que utilizan establecementos hoteleiros e os que combinan os dous tipos de aloxamento están repartidos de xeito case equitativo entre españois e estranxeiros, tal e como se reflicte no seguinte gráfico.




GRÁFICO 25: Procedencia en función do aloxamento

Gasto realizado

O gasto medio dos peregrinos por día é de 25,9 euros. Este dato engloba o aloxamento, a restauración, os desprazamentos en taxi, aluguer de vehículos ou aparcamento –en caso de que os haxa-, a compra de regalos e recordos e outros gastos.

A estimación do gasto medio diario dividido por conceptos permite distinguir entre aloxamento e restauración. A escasa representatividade dos outros non permite calcular as cifras de gasto.

A cantidade media gastada por persoa e día é, en aloxamento de 8 euros -debemos ter en conta que o tipo de aloxamento escollido fai que esta cifra oscile considerablemente -, e en restauración de 15,4 euros.

TÁBOA 8: Gasto medio diario

ALOXAMENTO	RESTAURACIÓN	GASTO TOTAL
8 €	15,4 €	25,9 €

En función do tipo de aloxamento escollido, aqueles que dormen en establecementos hoteleiros son os que teñen unha media de gasto diario total superior (39,6 €). Os que combinaron distintos tipos de aloxamento gastan unha media de 27,3 euros por día e os que utilizan só albergues públicos, 21,6 euros diarios.

Atendendo ao camiño percorrido, a cantidade media gastada máis elevada faise na vía que continúa ata Fisterra-Muxía (32,6 €). No outro extremo atopamos o Camiño Inglés que é no que o gasto é menor (19,6 €).




GRÁFICO 26: Gasto medio segundo o aloxamento

Para o resto podemos establecer dous grupos. Por un lado os que gastan en torno aos 26 € (Camiño Portugués, Francés e Vía da Prata) e por outro no que a media rolda os 24 € (Camiño Norte e Camiño

Primitivo).




GRÁFICO 27: Gasto medio segundo o Camiño percorrido

En función da procedencia, os resultados amosan que son os estranxeiros os que gastan menos por persoa e día (24,9 €). Son os españois os que inverten máis cartos na súa viaxe ata Compostela (27,1 €).




GRÁFICO 28: Gasto medio segundo a procedencia

Con respecto á idade, o intervalo de idade entre os 40 e os 49 anos son os que gastan máis ao longo do camiño (29,7%). Tal e como cabía esperar os que obteñen unha media menor son os menores de 20 anos –debemos ter en conta que na maior parte dos casos aínda están estudando e veñen en grupos organizados polo instituto ou asociacións tipo ‘boy scout’-.




GRÁFICO 29: Gasto medio segundo a idade

Como podemos observar no seguinte gráfico, o gasto medio por pessoa e día aumenta directamente proporcional ao intervalo de ingresos mensuais.




GRÁFICO 30: Gasto medio segundo o intervalo de ingresos mensuais

En canto ao gasto medio diario que fan en restauración, son os que se aloxan en establecementos hoteleiros os que consumen máis, tal e como se aprecia a continuación.




GRÁFICO 31: Gasto medio en restauración en función do aloxamento

c) Chegada á meta: Santiago de Compostela

Estadía na cidade de Santiago

Unicamente o 14,3% non permanece ningunha noite en Compostela ao rematar a súa viaxe, é dicir, marcha o mesmo día que chega. A porcentaxe restante, isto é, aqueles que deciden quedarse pasan maioritariamente dúas ou tres noites na cidade (46,3%). Os que optan por quedar só unha representan o 34,6% e os que quedan catro ou máis o 4,8%.

TÁBOA 9: Noites en Compostela

Duración	Porcentaxe
Ningunha	14,3
Unha	34,6
Dúas ou tres	46,3
Catro ou máis	4,8

Deste grupo de visitantes que deciden pasar algunha noite na cidade do Apóstolo, o 59,7% son estranxeiros e o 40,3% españois.

Por outro lado, a estadía media en Galicia –excluíndo a cidade de Santiago- é de dúas noites, aínda que o intervalo oscila entre ningunha noite e 30. Unha vez que chegan a Compostela, deciden quedar algún día máis en terras galegas, ben porque continúen a viaxe ata Fisterra-Muxía ou porque fagan turismo coñecendo Galicia.




GRÁFICO 32: Noites en Galicia excluíndo Santiago

Rituais

O 81,8% dos enquisados realizara ou tiña pensado realizar os rituais propios do peregrino no momento de facer a enquisa.

É preciso ter en conta que algúns dos ritos que se inclúen na citada enquisa –croques na cabeza do Mestre Mateo e pousar as mans na columna do parteluz- non se puideron levar a cabo ao longo do 2008, debido a que o espazo no que se sitúan está sendo obxecto dunha minuciosa restauración. Por esta razón non os imos analizar. Aínda así recordar que ambos, posúen un significado máis profano que o resto, que teñen un significado máis relixioso.

A misa é o rito que acada unha maior porcentaxe (70,6%), seguido do abrazo ao Apóstolo (56,8%) e visitar a cripta do sartego (53,5%). No outro extremo sitúase a opción de confesarse e comungar, cunha porcentaxe do 25,0%.




GRÁFICO 33: Rituais do peregrino

Recollida e significado da Compostela

Preto do 80% dos peregrinos que chegaron a Compostela entre xaneiro e decembro de 2008 –en concreto o 79,7%- afirman que recolleron o certificado que acredita que fixeron o Camiño, é dicir, a Compostela. Unha porcentaxe bastante significativa do 15,2% non contestou a esta pregunta porque aínda non sabía o que ía facer.




GRÁFICO 34: Recollida da Compostela

Aqueles que recolleron a Compostela repártense case de xeito equitativo entre estranxeiros e españois, tal e como se reflicte no seguinte gráfico.




GRÁFICO 35: Recollida da Compostela en función da nacionalidade

Independentemente de que a recollan ou non, hai un 21,2% que non coñece o significado da mesma.




GRÁFICO 36: Significado da Compostela

Medio de transporte de regreso

O medio de transporte máis empregado na viaxe de volta ao lugar de orixe é o avión (46,9%), seguido do tren (26,3%), autobús de liña regular (18,6%) e vehículo propio (11,2%). As opcións menos demandadas son o autobús contratado (4,8%), o automóbil de aluguer/ taxi (2,5%) e a bicicleta (1,1%). No apartado referente a “outros” –sinalado polo 2,4% da mostra- inclúense tanto os que volven a pé como os que fan autostop.




GRÁFICO 37: Medio de transporte para regresar

Camión de Fisterra-Muxía

Unha porcentaxe superior ao 30% ten pensado continuar ata Fisterra-Muxía fronte ao 63,1% que non. É preciso ter en conta que o 4,4% aínda non tiña tomada unha decisión a este respecto cando contestou á enquisa.




GRÁFICO 38: Continuación ata Fisterra-Muxía

En función da procedencia dos que seguen ata a Costa da morte, o 78,3% son estranxeiros e o 21,7% españois.




GRÁFICO 39: Nacionalidade dos que continúan ata Fisterra

3.3 VALORACIÓN DA SATISFACCIÓN

Consideración do Camiño de Santiago

Un 84,4% dos peregrinos enquisados considera o Camiño de Santiago como un destino turístico atractivo e de interese, fronte a un 8,7% que non o ve como tal. Non obstante hai un 6,9% que se abstivo de contestar.




GRÁFICO 40: O Camiño de Santiago como destino turístico

Recomendación do Camiño de Santiago

Case todos os que fixeron o Camiño ao longo do 2008 –en concreto o 94,0%– o recomendaría a outras persoas e tan só o 1,9% non o faría. Con todo, unha porcentaxe do 4,1% non soubo ou non quixo contestar a esta pregunta.




GRÁFICO 41: Recomendación da viaxe

Repetición da experiencia

No tocante á repetición da viaxe, o 42,0% afirma que repetirá con total seguridade e o 37,9% contesta que probablemente. Polo contrario, aqueles que non contan con volver a facer o Camiño representan o 16,4% e o 3,7% restante abstense de contestar.




GRÁFICO 42: Repetición da viaxe

Valoración global da experiencia

Na enquisa inclúese unha pregunta para que valoren en que medida se cumpriron as expectativas que tiñan acerca do Camiño de Santiago e a media resultante é de 8,3 sobre 10. Atendendo á nacionalidade dos enquisados, vemos que as medias resultantes son moi semellantes. Así, os españois concédenlle un 8,4 e os estranxeiros un 8,3.




GRÁFICO 43: Cumprimento das expectativas

Valoración dos albergues

Nun apartado da enquisa solicítase da persoa entrevistada que valore distintos aspectos dos albergues públicos da Comunidade Autónoma de Galicia entre 1 e 10 (1-moi mal, 10-moi ben) e os resultados son os que se mostran a continuación:

TÁBOA 10: Valoración media dos albergues públicos

Ámbitos de valoración	Valoración media
Confort/ comodidade	6,6
Servizo e atención do persoal	6,8
Limpeza e hixiene do establecemento	6,4
Aparcamentos para bicicletas	6,8
Espazos reservados para cabalos	5,6
Pago dunha cota simbólica	8,1
<i>*1: Moi mal; 10: Moi ben</i>	

Con todo, hai que ter en conta que tanto o punto que fai referencia ao aparcamento para bicicletas como o relativo aos espazos reservados para cabalos, teñen unha porcentaxe de non resposta moi elevada debido a que a maioría non ten necesidade de utilizar estes servizos e polo tanto non lles prestan atención. Con todo aqueles que fixeron a viaxe en bicicleta valoraron cunha media de 6,8 sobre 10 o aparcamento para bicicletas. Por outra banda, os que chegaron a Compostela a cabalo deron unha puntuación media de 5,6 sobre 10 aos espazos reservados para cabalos.

A nota máis elevada –cunha media de 8,1 sobre 10- recibíuna o pago dunha cota simbólica, ao considerar os peregrinos que o pago de 3 euros por persoa é unha cantidade mínima, necesaria para poder garantir o mantemento e limpeza dos albergues.

Os restantes servizos acadan unha puntuación media superior a 6, polo que pode considerarse como boa.

Valoración de elementos do Camiño

Polo que respecta ao grao de satisfacción dos peregrinos enquisados respecto a distintos aspectos do Camiño, hai que dicir

que as puntuacións medias son moi boas ao oscilar entre 6,3 e 8 sobre 10. A valoración global do Camiño é de notable –máis concretamente de 7,7-.

Táboa 11: Valoración media de elementos do Camiño

Elementos do Camiño	Valoración
Hospitalidade da poboación local	8,0
Sensación de seguridade	8,0
Contorno natural e paisaxístico	7,9
Sinalización da ruta	7,6
Conservación do patrimonio histórico	7,2
Restauración e gastronomía	7,2
Sinalización dos lugares de interese	6,9
Oferta de aloxamento	6,9
Estado das fontes	6,8
Limpeza dos treitos	6,5
Oferta comercial	6,4
Oficinas de información	6,3
Oferta cultural e de espectáculos	6,3
Avaliación global	7,7
<i>*1: Moi mal; 10: Moi ben</i>	

Os aspectos mellor valorados son hospitalidade da poboación local (8,0), sensación de seguridade (8,0), contorno natural e paisaxístico (7,9), sinalización da ruta (7,6), conservación do patrimonio histórico (7,2) e restauración e gastronomía (7,2).




GRÁFICO 44: Aspectos do Camiño valorados con maior puntuación

Os aspectos menos valorados son a oferta cultural e de espectáculos (6,3), oficinas de información (6,3), oferta comercial (6,4), limpeza dos treitos (6,5), estado das fontes (6,8), oferta de aloxamento (6,9) e sinalización dos lugares de interese (6,9).




GRÁFICO 45: Aspectos do Camiño valorados con menor puntuación

4. CONCLUSIONES

Unha das liñas de investigación máis importantes desenvolvidas polo Observatorio do Camiño ao longo do ano 2008 foi a análise do perfil e comportamento do peregrino que realiza o Camiño de Santiago. O informe que aquí se presenta permite continuar o traballo iniciado coa publicación do perfil do peregrino en 2007, buscando realizar no futuro comparacións para o estudo do Camiño de Santiago.

Un dos aspectos máis importantes na caracterización do peregrino é o seu perfil sociodemográfico. En canto á procedencia, neste ano 2008, obsérvase un maior número de estranxeiros sobre españois, aínda que non hai moitas diferenzas (os primeiros representan un 55,0% do total mentres que os segundos un 45,0%). A idade media dos peregrinos é de 41 anos e o grupo máis numeroso está formado por persoas entre 50 e 65 anos. En relación ao sexo, o 58,2% son homes e o 41,8% restante son mulleres. Esta porcentaxe masculina é superior en todos os grupos de idade. En canto ao nivel cultural e profesional, máis da metade teñen estudos universitarios (57,4%) e o 58,5% traballa.

Os aspectos espirituais e relixiosos son as motivacións que están presentes dun xeito máis significativo á hora de peregrinar a Compostela. En determinados casos ao falar dos primeiros refírense aos dous, ao entendelaos cunha finalidade relixioso-espiritual. Outras opcións destacadas como o atractivo do patrimonio histórico ou o natural amosan a heteroxeneidade de peregrinos que chegan a Santiago.

O Camiño francés é o itinerario máis utilizado polos peregrinos que se dirixen a Compostela, así como o de maior tradición e

relevancia, tanto socioeconómica como artística e cultural. Con todo, cada vez máis nótase o incremento de viaxeiros no resto: Norte, Primitivo, Vía da Prata, Portugués, Inglés e Fisterra-Muxía. Non se atopou ningún peregrino da ruta do Mar de Arousa e Río Ulla.

Na súa viaxe ata Compostela elixiron distintos tipos de aloxamento. A rede de albergues da Xunta de Galicia é a opción máis demandada, tanto dun xeito individual como combinada coas distintas alternativas de establecementos no que pasar a noite: casas rurais, hotéis, pensións ou albergues privados, campings e casa de familiares e/ou amigos.

Unha vez que chegan a Santiago, a gran maioría recolle a Compostela na Oficina do Peregrino antes de realizar os rituais propios na Catedral. Un 14,3% decide voltar á súa localidade de inicio o mesmo día que chega, o resto permanece algunha noite na cidade. Excluindo Santiago, como media permanecen dúas noites máis en terras galegas, ben porque prolongan a súa viaxe polo Camiño de Fisterra-Muxía, ben porque queren coñecer outros lugares do territorio galego.

A valoración global do Camiño é moi boa, destacando a hospitalidade da poboación local, a sensación de seguridade e o contorno natural e paisaxístico. A avaliación do cumprimento das expectativas que tiñan sobre o Camiño de Santiago antes de empezar a viaxe é de 8,3 sobre 10. Esta satisfacción queda demostrada pola alta porcentaxe de peregrinos que teñen pensado repetir a experiencia.

ANEXO

CADRO RESUMO PERFIL DO PEREGRINO

Cadro resumo comparativo: Perfil do Peregrino

PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO	Setembro - decembro 2006	Xaneiro - decembro 2007	Xaneiro - decembro 2008
Sexo (%)			
Home	64,4	60,4	58,2
Muller	35,6	39,6	41,8
Procedencia (%)			
Españóis	61,5	54,8	45,0
Estranxeiros	38,5	45,2	55,0
Idade (%)			
Menos de 20 anos	8,1	7,0	6,8
De 20 a 29 anos	26,0	23,9	21,8
De 30 a 39 anos	24,9	20,6	19,4
De 40 a 49 anos	23,1	17,2	18,1
De 50 a 65 anos	15,0	23,6	29,6
Máis de 65 anos	2,9	6,1	4,3
Nivel de estudos (%)			
Sen estudos	0,6	1,1	1,4
Ensino obrigatorio	9,1	7,9	9,1
Bacharelato ou FP	35,4	27,1	30,4
Universitarios	51,4	62,2	57,4
Outros	3,4	1,7	1,7
Situación actual (%)			
Estudante	22,2	17,3	15,8
Ama de casa	1,7	2,7	2,3
Parado	1,7	3,5	5,0
Xubilado	6,8	12,9	16,3
Traballa	64,8	61,9	58,5
Outros	2,8	1,6	2,1
Nivel de renda (€)			
Menos de 600	21,6	13,0	3,4
Entre 600 e 900	8,0	8,8	7,4
Entre 900 e 1300	19,2	19,0	20,2
Entre 1300 e 2000	31,2	31,4	34,9
Máis de 2000	20,0	27,9	34,1

PREPARACIÓN DA VIAXE	Setembro - decembro 2006	Xaneiro - decembro 2007	Xaneiro - decembro 2008
Motivo principal da realización do Camiño (%)			
Patrimonio histórico-artístico	33,9	25,8	25,0
Patrimonio natural	39,8	39,3	33,7
Motivos espirituais	55,4	50,3	53,1
Motivos relixiosos	32,8	38,1	38,3
Cultura popular	17,7	16,2	15,7
Deporte	21,5	22,8	19,8
Diversión	17,7	17,1	14,8
Outros	10,8	7,2	8,0
Medios de coñecemento do Camiño (%)			
A través de familiares	59,0	63,8	59,6
A través dunha axencia de viaxes	1,6	0,1	0,6
Experiencia propia	30,8	25,0	23,8
Folletos turísticos	6,0	4,7	4,4
Anuncios publicitarios	8,2	6,0	4,6
Feiras e exposicións	2,2	1,3	1,1
Internet	9,3	11,3	14,9
Outros	16,6	13,3	18,1
Medio publicitarios e de información consultados (%)			
Folletos turísticos	22,7	17,3	12,3
Anuncios publicitarios	3,2	3,3	2,5
Feiras e exposicións	2,2	2,6	2,3
Internet	62,9	69,4	72,8
Guías especializadas	48,4	51,5	45,7
Reportaxes temáticas	13,4	12,8	11,8
Outros	13,4	7,6	10,6

PREPARACIÓN DA VIAXE	Setembro - decembro 2006	Xaneiro - decembro 2007	Xaneiro - decembro 2008
Organización do Camiño (%)			
Pola miña conta	78,0	71,9	68,4
Pola miña conta a través de internet	14,0	19,2	21,3
A través de Axencia de Viaxes	0,5	1,0	1,2
A través dunha Asociación ou Club	5,3	5,2	4,0
Outros	2,2	2,7	5,2
Preparación antes de iniciar viaxe (%)			
Si	58,5	66,6	66,2
Non	41,5	33,4	33,8
De que tipo? (%)			
Preparación física	62,6	72,3	70,8
Preparación espiritual	32,7	27,2	30,2
Equipamento	57,0	48,8	50,0
Documentación	55,1	50,5	51,0

A PEREGRINACIÓN A SANTIAGO	Setembro - decembro 2006	Xaneiro - decembro 2007	Xaneiro - decembro 2008
----------------------------	--------------------------------	-------------------------------	-------------------------------

Camión percorrido (%)

Camión Francés	87,1	83,3	85
Camión Inglés	1,1	0,8	0,4
Camión Norte	2,2	5,4	5,8
Camión Primitivo	4,8	6,1	4,5
Camión Fisterra-Muxía	-	0,2	0,2
Camión do Mar de Arousa	-	-	-
Camión Portugués	3,2	1,6	1,6
Camión da Vía da Prata	1,6	2,7	2,5

Frecuencia de realización do Camión (%)

Primeira vez	72	73,2	78,1
Só unha vez máis	8,1	8,7	7,4
De 2 a 5	17,7	14,6	12,3
Máis de cinco	4,8	3,5	2,2

Localidade de inicio do Camión (%)

Galicia	33,3	26,8	23,5
Fóra de Galicia	66,7	73,2	76,5

Se inicia en Galicia, como chegou á nosa comunidade (%)

Autobús de liña regular	28,0	22,3	27,7
Autobús contratado	-	7,0	11,8
Tren	28,0	32,3	27,1
Avión	16,0	16,6	22,2
Vehículo propio	40,0	19,8	20,5
Automóbil de aluguer / Taxi	4,0	1,5	3,5
Bicicleta	-	-	-
Outros	-	0,5	0,5

Modo de percorrer o Camión (%)

A Pé	89,8	89,3	90,8
Bicicleta	10,2	10,7	9,0
A Cabalo	-	-	0,1
Cadeira de rodas	-	-	-

A PEREGRINACIÓN A SANTIAGO	Setembro - decembro 2006	Xaneiro - decembro 2007	Xaneiro - decembro 2008
----------------------------	--------------------------------	-------------------------------	-------------------------------

Compañía da viaxe (%)

Só	41,6	33,0	33,2
En parella	11,4	17,5	15,1
Coa familia	10,3	10,8	11,0
Con amigos	30,8	33,7	33,6
En grupo organizado	4,9	4,5	5,5
Con compañeiros de traballo	0,5	0,7	1,3

Tipos de aloxamento utilizado (%)

Hotel	-	11,7	11,1
Hostal	-	16,6	-
Pensión/albergue privado	16,1	55,8	38,0
Familiares	1,6	1,3	0,6
Casa rural	3,2	4,4	3,3
Camping	-	4,4	1,3
Albergue público	91,9	87,4	84,7

GASTO REALIZADO	Setembro - decembro 2006	Xaneiro - decembro 2007	Xaneiro - decembro 2008
-----------------	--------------------------------	-------------------------------	-------------------------------

Gasto medio diario (€)

Gasto medio realizado (€)	23,8	27,0	25,9
Aloxamento	7,4	8,8	8,0
Restauración	16,8	16,7	15,4

Gasto medio segundo a procedencia (€)

Españóis	27,2	29,9	27,1
Estranxeiros	18,0	23,4	24,9

DISTANCIA MEDIA PERCORRIDA	Setembro - decembro 2006	Xaneiro - decembro 2007	Xaneiro - decembro 2008
----------------------------	--------------------------------	-------------------------------	-------------------------------

Distancia (Km)

A pé	25,1	25,5	25,4
Bicicleta	77,5	74,3	74,1
A cabalo	-	-	45,0

CHEGADA Á META: SANTIAGO DE COMPOSTELA	Setembro - decembro 2006	Xaneiro - decembro 2007	Xaneiro - decembro 2008
---	--------------------------------	-------------------------------	-------------------------------

Noites en Santiago (%)

Ningunha	19,3	18,0	14,3
Unha	41,3	34,1	34,6
Dúas ou tres	34,6	40,4	46,3
Máis de tres	4,8	7,5	4,8

Rituais que realiza na Catedral (%)

Abrazo ao Apóstolo	62,4	73,8	56,8
Croques	37,6	33,6	-
Pousar as mans na columna do Parteluz	55,4	54,0	-
Visitar a cripta do sartego	51,1	62,7	53,5
Ir a misa	65,1	86,6	70,6
Confesarse e comungar	25,8	28,8	25,0

Coñecemento do significado (%)

Si	81,9	82,9	78,8
Non	18,1	17,1	21,2

Recolleu ou vai recoller a Compostela (%)

Si	87,1	94,3	79,7
Non	7,0	5,7	5,1
NS/NC	5,9	-	15,2

CHEGADA Á META: SANTIAGO DE COMPOSTELA	Setembro - decembro 2006	Xaneiro - decembro 2007	Xaneiro - decembro 2008
--	--------------------------------	-------------------------------	-------------------------------

Medio de transporte para volver ao lugar de orixe (%)

Autobús de liña regular	16,7	19,4	18,6
Autobús contratado	3,2	2,8	4,8
Tren	23,1	25,5	26,3
Avión	37,1	46,2	46,9
Vehículo propio	19,9	13,1	11,2
Automóbil de aluguer / Taxi	3,2	4,0	2,5
Bicicleta	-	1,2	1,1
Outros	3,2	2,5	2,4

Continúa o Camiño ata Fisterra – Muxía (%)

Si	27,4	32,8	32,5
Non	64,5	64,8	63,1
NS/NC	8,1	2,5	4,4

GRAO DE SATISFACCIÓN	Setembro - decembro 2006	Xaneiro - decembro 2007	Xaneiro - decembro 2008
----------------------	--------------------------------	-------------------------------	-------------------------------

Considera o Camiño un produto turístico atractivo (%)

Si	81,7	86,9	84,4
Non	8,6	7,6	8,7
NS/NC	9,7	5,5	6,9

Recomendaría a viaxe (%)

Si	97,3	94,6	94,0
Non	1,1	2,1	1,9
NS/NC	1,6	3,3	4,1

Repetiría a viaxe (%)

Si, con seguridade	54,3	44,8	42,0
Probablemente si	34,3	37,6	37,9
Probablemente non	5,9	11,2	13,5
Non, en ningún caso	-	2,1	2,9
NS/NC	5,4	4,3	3,7

<u>Valoración dos elementos do Camiño de Santiago *</u>	Media 2006	Media 2007	Media 2008
Conservación do Patrimonio Histórico-Artístico	7,2	7,3	7,2
Calidade do contorno natural e paisaxístico	8,0	7,8	7,9
Oferta de aloxamento	6,8	6,7	6,9
Restauración e Gastronomía	7,3	7,1	7,2
Oferta cultural e de espectáculos	4,8	5,9	6,3
Sinalización dos lugares de interese	6,6	6,6	6,9
Sinalización da ruta	7,7	7,4	7,6
Oficinas de información	5,7	6,1	6,3
Oferta comercial	6,1	6,2	6,4
Limpeza dos tramos	5,9	6,4	6,5
Sensación de seguridade	7,1	7,7	8,0
Hospitalidade / Amabilidade da poboación local	7,8	7,8	8,0
Estado das fontes	5,9	6,6	6,8
VALORACIÓN GLOBAL	7,5	7,5	7,7

* 1: *Moi mal*; 10: *Moi ben*

<u>Valoración dos albergues *</u>	Media 2006	Media 2007	Media 2008
Confort/comodidade	6,2	5,8	6,6
Servizo e atención do persoal	6,4	6,0	6,8
Limpeza e hixiene do establecemento	6,0	5,4	6,4
Aparcamentos para bicicletas	5,6	6,0	6,8
Espazos reservados para cabalos	3,6	5,8	5,6

* 1: *Moi mal*; 10: *Moi ben*

